

RESOLUCIÓN DO 7 DE MAIO DO 2024, DA DIRECCIÓN XERAL DA CORPORACIÓN RTVG, POLO QUE SE PROCEDE Á EXCLUSIÓN, POR CAUSAS SOBREVINDAS, DE DETERMINADAS PERSOAS ASPIRANTES DO PROCESO EXCEPCIONAL DE CONSOLIDACIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO, CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 29 DE DECEMBRO DO 2022 (DOG N°248 DO 30 DE DECEMBRO DO 2022).

Con data 17 de novembro de 2023 publicáronse as listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas por categoría do proceso selectivo.

Tras a publicación producíronse circunstancias sobrevindas, incompatibles coa permanencia no proceso, que son determinantes para proceder á exclusión das seguintes aspirantes que figuraban como admitidas:

PERSOA ASPIRANTE	NIF	NIVEL	CATEGORÍA
Lombardero Sánchez, Marta	***5440**	4	Reporteiro/a Gráfico
Troncoso Rodríguez, María Elena	***6603**	7	Axudante/a de produción

Por todo o anterior, esta Dirección Xeral



RESOLVE

Excluír a Marta Lombardero Sánchez (Reporteiro/a Gráfico/a) e María Elena Troncoso Rodríguez (Axudante/a de produción) do proceso selectivo excepcional mediante o sistema de concurso de méritos, por concorrer circunstancias sobrevindas non compatibles coa súa permanencia como aspirantes.

Contra a presente resolución poderán interpoñer recurso de reposición consonte coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben demanda ante os Xulgados do Social que correspondan consonte co disposto na Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social.

San Marcos, 7 de maio do 2024

O Director Xeral da Corporación RTVG

  CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA
Dirección Xeral

Alfonso Sánchez Izquierdo